

RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se ten por desistidas da súa petición ás persoas aspirantes que non tiveran formulada reclamación ou non emendaran a súa solicitude de participación no prazo establecido para estes efectos nos procedementos selectivos de ingreso aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, de profesores de escolas oficiais de idiomas, de profesores de música e artes escénicas, de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres (código de procedemento ED001A), convocados pola Orde do 5 de decembro de 2022 e anunciada mediante Resolución do 12 de decembro de 2022 (DOG n.º 242, do 22 de decembro).

Mediante Resolución do 13 de marzo de 2023 desta dirección xeral, publicada na páxina web da consellería o día 14 de marzo de 2023, aprobáronse e fixéronse públicas as listas provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas nos procedementos selectivos de ingreso aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, de profesores de escolas oficiais de idiomas, de profesores de música e artes escénicas, de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres (código de procedemento ED001A).

O apartado terceiro da dita resolución establecía un prazo de dez (10) días hábiles para que as persoas interesadas puideran formular as reclamacións que considerasen oportunas e, de ser o caso, emendasen os defectos que motivaran a súa exclusión, estipulando que, de non facelo así, serían definitivamente excluídas do procedemento selectivo. Este prazo abranguía desde o 15 de marzo ata o 28 de marzo de 2023, amolos dous incluídos.

Para os efectos de darlle cumprimento ao disposto no parágrafo segundo da base terceira, epígrafe quinta (base 3.5), da antedita Orde do 5 de decembro de 2022, logo de transcorrido o prazo concedido para formular reclamacións e emendar defectos, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro. Ter por desistidas da súa petición ás persoas aspirantes que non tiveran formulada reclamación ou non emendaran os defectos da súa solicitude de participación, no marco deste procedemento, no prazo establecido para estes efectos de conformidade co disposto no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Segundo. Publicar esta resolución no portal web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Esta publicación surtirá efectos de notificación ás persoas interesadas consonte ao establecido no artigo 45.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Terceiro. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo dun (1) mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de conformidade co establecido nos artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous (2) meses a contar desde a mesma data ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

